



ACTA NÚM. 23 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2019.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:00 horas** do día **19 de decembro de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente.

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (Incorpórase no punto número 4)
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez
Dona Branca Petra Novo Rey
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Marta Irene Lois González

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.



Don Juan González Carnero, **interventor do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste o concelleiro, Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de novembro de 2019.**
- 2. Suspensión cautelar do procedemento de autorización de novos usos de aloxamento temporal.**
- 3. Aprobación definitiva do estudo de detalle da parcela I4a02 do parque empresarial da Sionlla.**
- 4. Proposición do grupo municipal do BNG, para contribuír a recoñecer e normalizar as familias monoparentais con medidas para favorecer a igualdade e a protección dos menores.**
- 5. Proposición do grupo municipal do BNG, para realizar e desenvolver, con apoio no tecido local e galego, unha programación cultural específica atractiva para as persoas que nos visitan.**
- 6. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre o estudo para a adquisición da parcela do antigo colexio Peleteiro.**
- 7. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta, para a continuidade da construción da “Compostela Territorio de Mulleres”.**
- 8. Proposición do grupo municipal de Compostela Aberta, para impulsar un programa de residencias de creación e pensamento para acoller o talento que se recibe polos Camiños de Santiago.**
- 9. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**
- 10. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Rogos:

Do grupo municipal de CA, de data 9 de decembro de 2019, núm. 304.
Do grupo municipal do PP, de data 11 de decembro de 2019, núm. 313.
Do grupo municipal do PP, de data 11 de decembro de 2019, núm. 314.
Do grupo municipal do PP, de data 11 de decembro de 2019, núm. 315.
Do grupo municipal do BNG, de data 11 de decembro de 2019, núm. 318.
Do grupo municipal de CA, de data 11 de decembro de 2019, núm. 320.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG, de data 10 de decembro de 2019, núm. 308.
Do grupo municipal do BNG, de data 10 de decembro de 2019, núm. 309.
Do grupo municipal do PP, de data 11 de decembro de 2019, núm. 316.
Do grupo municipal do BNG, de data 11 de decembro de 2019, núm. 319.
Do grupo municipal de CA, de data 11 de decembro de 2019, núm. 322.
Do grupo municipal de CA, de data 11 de decembro de 2019, núm. 323.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA, de data 22 de novembro de 2019, núm. 281.
Do grupo municipal de CA, de data 2 de decembro de 2019, núm. 296.
Do grupo municipal do PP, de data 4 de decembro de 2019, núm. 299.
Do grupo municipal do PP, de data 4 de decembro de 2019, núm. 300.
Do grupo municipal do PP, de data 4 de decembro de 2019, núm. 301.
Do grupo municipal do PP, de data 11 de decembro de 2019, núm. 317.

Interpelacións:

Do grupo municipal de CA, de data 9 de decembro de 2019, núm. 305.

11. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2019, núm. 302, presentada polo grupo municipal de CA, sobre a declaración de emerxencia climática e aprobación dun decálogo de medidas para facerlle fronte.

Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2019, núm. 303, presentada polo grupo municipal do BNG, para recoñecer, divulgar e investigar sobre o labor do Grupo Nós na celebración do centenario da súa revista.

Rexistro de entrada do día 11 de decembro de 2019, núm. 321, presentada polo grupo municipal de CA, para rexeitar o desenvolvemento dunha planta de valoración de residuos da construción e demolición en Miramontes.

A Corporación Municipal antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día garda un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

En primeiro lugar, Dona M^a de las Mercedes Franqueira González, en representación da Plataforma veciñal “conxononsetoca” e da Asociación de Veciños “Conxo Aberto”, en relación á pregunta presentada polo grupo municipal de CA sobre o CSC “Aurelio Aguirre”.

A continuación, Dona Lucía Dapena Barba, en relación á proposición do grupo municipal de CA para a construción da “Compostela Territorio de Mulleres”.

E en terceiro e último lugar, Dona María Dulcinea Aguín Pombo, en calidade de Presidenta da Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, en relación ao punto que figura como número dous da orde do día da sesión.

A continuación ten lugar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE NOVIEMBRE DE 2019.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de novembro de 2019.

Auséntase a concelleira Dona Noa Susana Díaz Varela.

2. SUSPENSIÓN CAUTELAR DO PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN DE NOVOS USOS DE ALOXAMENTO TEMPORAL.

Con data 9 de decembro do corrente ano, en relación á suspensión cautelar do procedemento de autorización de novos usos de aloxamento temporal, a xefa de sección de xestión urbanística, emitiu o seguinte informe:

“O presente informe emítese á vista da providencia asinada pola concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica o día 4 de decembro de 2019, co contido que deseguido se transcribe:

“A proliferación de vivendas de uso turístico na cidade está creando unha sensación de alarma crecente no conxunto da cidadanía, que reclama aos poderes públicos que tomen o control da situación.

Este control, porén, non é doado, xa que as administracións municipais se enfrontan a un fenómeno turístico novo, global, cambiante e moi potente -que vén da man das novas facilidades que dan as plataformas on line e os voos low cost-, sen apenas medios para encauzalo.

Este proceso está introducindo fortes distorsións nas cidades que presentan algún atractivo turístico, como é o caso de Santiago de Compostela. Cunha aparencia, en principio, inocua vai estendéndose e colonizando os tecidos residenciais existentes dalgunhas zonas da cidade, baleirándoos dos seus habitantes e enchéndoos de visitantes ocasionais, ata que o proceso se torna dificilmente reversible. Os instrumentos cos que conta a administración municipal para regular os usos do solo, é dicir, os plans urbanísticos, non están, na súa maior parte adaptados para dar unha resposta áxil a este fenómeno.

Segundo informacións publicadas no pasado mes de outubro pola Asociación Galega de Inmobiliarias (AGALIN), en Santiago de Compostela hai menos de 100 pisos habitables para alugar a residentes, mentres que en plataformas de comercialización turística se ofertan ata 400 vivendas para aluguer turístico.

Precisamente un dos motivos que levaron ao goberno español a adoptar medidas urxentes en materia de vivenda e de aluguer é o fenómeno crecente do aluguer de vivenda para uso turístico, que dispara os prezos da vivenda, ao tempo que diminúe a oferta dispoñible para residentes e acaba por expulsar a estes a zonas periféricas da cidade e mesmo a concellos limítrofes.

Este fenómeno de turistización da cidade ameaza a súa pervivencia como cidade viva e habitada, producindo unha destrución acelerada do tecido residencial, acompañada da perda do comercio de proximidade e outras actividades que dan servizo aos residentes.

O arquitecto Javier Ramos facía a seguinte reflexión sobre “*el derecho a la ciudad*”:

El alquiler turístico “resta” ciudad a sus habitantes, y no sólo por la reducción de la oferta de las viviendas en alquiler y la imposible renovación de contratos ligada al encarecimiento de las rentas fruto de las expectativas del mercado turístico. Resta ciudad porque muchas de las funciones urbanas y servicios indispensables para los ciudadanos ven ahora debilitado su equilibrio por la llegada de una población siempre de paso y ávida de otro tipo de servicios. Las nuevas tecnologías permiten al turista alojarse en un número creciente de viviendas, que desaparecen del mercado de los alojamientos que necesitan los ciudadanos para vivir en su ciudad. Por eso urge anticipar soluciones a problemas que en aras de una tergiversada economía colaborativa apenas se perciben aún en su auténtica magnitud.

Moitas cidades europeas (París, Londres, Berlín, Ámsterdam, Bruxas), xa adoptaron hai algúns anos medidas para evitar estes efectos. Igualmente cidades españolas como Madrid, Barcelona, Donostia ou Palma, entre outras, aprobaron novas ordenacións dos usos urbanísticos, regulando a figura do aluguer turístico para garantir a súa convivencia co uso residencial.



O Concello de Santiago é, por poboación, moito máis pequeno que estas cidades, pero conta cun gran atractivo que a sitúa entre os principais destinos turísticos do mundo. Debe facer fronte por tanto a problemas similares aos destas cidades, pero con moitos menos recursos. Ademais, a diferenza do que ocorre noutras cidades máis grandes, que contan cun tecido social máis denso, Santiago de Compostela foise configurando como unha cidade principalmente universitaria, cultural e de servizos, de xeito que o mantemento da súa función residencial e o equilibrio de usos resulta fundamental para a pervivencia mesma da cidade.

Entre as actuacións levadas a cabo polo Concello de Santiago destaca a aprobación, en novembro de 2018, dunha Modificación do Plan especial da cidade histórica que limita os novos aloxamentos temporais nas ordenanzas de uso residencial do citado plan especial.

Porén, a proliferación deste tipo de aloxamentos no Ensanche e noutros barrios da cidade, está a provocar unha rápida redución da oferta de vivenda dispoñible para residentes e universitarios, afectando á calidade da vida urbana e favorecendo a expulsión dos veciños a outros concellos.

Neste contexto estímase necesario establecer un marco de traballo para estudar e analizar a situación actual, cuantificar a vivenda de uso turístico en Santiago de Compostela, determinar a súa incidencia na dinámica de usos, recabar a percepción dos veciños e veciñas ao respecto e, en definitiva, avaliar a incidencia do aluguer turístico na perda do tecido residencial da cidade.

Sen prexuízo do que resulte do citado Estudo, e perante a inminencia do Xacobeo 2021, urxe tomar medidas que protexan o actual tecido residencial da cidade, sendo necesario estudar a reforma da regulación dos usos urbanísticos que establece o planeamento en vigor.

Con base en todo o anteriormente exposto, RESOLVO:

Primeiro. Encomendar aos servizos técnicos municipais o estudo dunha nova regulación dos usos urbanísticos, que teña como fin principal garantir a convivencia dos distintos usos na cidade, definindo os que resultarían admisibles nas distintas ordenanzas nas que se autoriza o uso vivenda, co obxecto principal de regular a súa compatibilidade co aloxamento turístico.

Para este efecto, contrataranse os traballos de estudo ou investigación que resulten precisos co obxecto de facer unha correcta diagnose da situación actual, avaliar as posibles medidas a adoptar, e en definitiva, proporcionar asistencia técnica aos servizos municipais na tarefa de elaborar a nova regulación que se lles encomenda.

Segundo. Requirit informe sobre a viabilidade de suspender cautelarmente a implantación de novos usos hoteleiros e de aloxamento temporal, co fin de estudar a reforma da vixente regulación, nos termos e condicións que habilite a normativa de aplicación.“

Á vista da providencia transcrita é preciso efectuar as seguintes CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1. Sobre a necesidade da reforma

A normativa de usos dos plans urbanísticos vixentes no termo municipal de Santiago de Compostela non contempla especificamente a figura do aloxamento turístico en vivenda, ao se tratar dunha actividade de recente expansión na nosa cidade, e que cobra unha nova dimensión pola súa vinculación ás novas plataformas *on line* que facilitan este tipo de aloxamento.

O PXOM vixente, no seu artigo 105.a), define o uso residencial como aquel que serve para *proporcionar aloxamento permanente ás persoas*, sendo por tanto a estabilidade ou permanencia do aloxamento o que diferencia o uso residencial dos de aloxamento temporal.

Polo tanto, a cesión da vivenda a terceiros para aloxamento de carácter temporal ou con finalidade turística só sería autorizable, segundo o planeamento en vigor, se a respectiva ordenanza de aplicación permitise expresamente o uso hoteleiro, ao ser este o uso urbanístico que abeira as distintas modalidades de aloxamento temporal (artigo 105.3 do PXOM).

Na maior parte das ordenanzas do Plan xeral nas que se permite o uso residencial, admítase tamén o hoteleiro (ademais doutros usos terciarios), posibilitando así a convivencia da vivenda estable cos establecementos hoteleiros e outras modalidades de aloxamento temporal.

Porén, a cesión da vivenda habitual a terceiros para estancias de curta duración ou con finalidade turística experimentou un crecemento desproporcionado nos últimos meses, de xeito que máis do 60% das vivendas de aluguer foron desviadas do circuito de comercialización tradicional ao turístico. Isto xerou unha considerable redución da oferta dispoñible para os residentes e o incremento dos prezos da vivenda, converténdoa en inasequible para os veciños, que acaban sendo *expulsados* da súa cidade .

Ademais estes procesos únense a outros factores que favorecen a subversión dos usos ao servizo dos veciños, ao proliferar os establecementos moi dependentes do turismo ou de

conveniencia, en detrimento das actividades comerciais de proximidade e de servizos ligadas ao uso residencial, agravando os procesos de terciarización e especialización turística que expulsan da cidade non só aos residentes, senón tamén aos profesionais e traballadores que non se dediquen ao turismo ou ás actividades con el relacionadas.

Neste contexto, a protección do dereito constitucional de acceso á vivenda, por unha banda, e, por outra, a protección do entorno urbano -que esixe unha convivencia equilibrada de usos, evitando a excesiva terciarización ou turistización-, constitúen razóns imperiosas de interese xeral que aconsellan reformar a ordenación urbanística dos usos que se contén nas distintas ordenanzas do planeamento vixente, co obxecto de adaptalo á nova e cambiante realidade social.

Expresión do mandato constitucional e da función social da vivenda é tamén o preceptuado polo artigo 3.4 do RD lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo, que dispón o seguinte: *O solo vinculado a un uso residencial pola ordenación urbanística está ao servizo da efectividade do dereito a disfrutar dunha vivenda digna e axeitada, nos termos que dispoña a lexislación na materia.*

Polo tanto, a aceleración do proceso de destrución da masa residencial -que resulta case imposible de reverter-, obrigan a establecer unha nova regulación dos usos principais e compatibles nas ordenanzas que permiten o uso vivenda, co obxecto principal de establecer a primacía deste uso -o aloxamento estable- como uso característico e principal, regulando, de ser o caso, a compatibilidade cos usos de aloxamento temporal ou turístico en todas as súas distintas modalidades.

Non se trataría pois de prohibir ou limitar determinados usos, senón principalmente, de establecer os mecanismos e as regulacións que permitan garantir a riqueza de usos diversos, isto é, a biodiversidade que define e caracteriza á vida urbana

Así, poderán limitarse os usos turísticos naqueles ámbitos nos que se teña acadado xa o punto de equilibrio mais aló do cal periga a pervivencia mesma do uso residencial; e poderán potenciarse naqueles outros ámbitos nos que a puxanza deste novo uso poida favorecer procesos de rehabilitación de edificios ou de rexeneración urbana en zonas máis deprimidas.

En resumo, o que se pretende é establecer, atendendo á indiscutida competencia do planeamento municipal para establecer a cualificación ou destino urbanístico do solo, unha regulación que redunde no interese público da cidade, e non solo no interese particular dos propietarios das vivendas, todo ilo en coherencia cos principios constitucionais básicos en materia de urbanismo, como son a equidistribución de beneficios e cargas, a participación da comunidade nas plusvalías xeradas pola propia cidade, e o impedimento da especulación inmobiliaria.

2. Sobre a suspensión previa ou facultativa

Os artigos 47.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 86 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG) habilitan expresamente a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e derruba para áreas ou usos determinados, co fin de estudar a formulación, revisión ou modificación do planeamento vixente.

A suspensión incluírá tamén aos actos suxeitos a comunicación previa, sempre que se trate de obras ou actos para implantar usos ou actividades non autorizados polo novo planeamento (artigo 86.3.d do RLSG).

A suspensión previa ou facultativa configúrase pola xurisprudencia como unha medida cautelar cuxa finalidade esencial é garantir a efectividade do planeamento futuro, evitando que, durante a fase de elaboración da reforma, se consoliden aproveitamentos ou usos do solo que, pese a ser conformes co plan en vigor, poidan logo devir incompatibles coa ordenación en estudo.

Así o indica, entre outras, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Baleares, de data 21.12.2011:

No cabe duda que la implantación de usos conforme al planeamiento vigente, que contravienen y comprometen los usos admisibles en un determinado suelo según las prescripciones del planeamiento que se reforma es susceptible de poder ser evitado a través de la adopción de la suspensión de licencias de instalación como medida cautelar suspensiva que tiende a la finalidad de la efectividad del nuevo planeamiento (...)

Como xa se explicou antes, o actual e previsible ritmo de substitución das vivendas estables por vivendas turísticas implica un grave risco de turistización e vaciamiento residencial da cidade, altera o equilibrio de usos e actividades que garante o mantemento da vida urbana, e acaba por limitar o dereito constitucional de acceso á vivenda, favorecendo a especulación.

Todas estas circunstancias xustifican a adopción da medida cautelar de suspensión previa á aprobación inicial, coa finalidade de asegurar a efectividade da nova ordenación de usos que está en fase de estudo.

3. Ámbito da suspensión

a) Ámbito territorial

O ámbito territorial da suspensión reflíctese graficamente no plano anexo, e foi delimitado segundo os criterios que se describen no informe da arquitecta municipal que se achega á proposta.

Dentro do ámbito delimitado a suspensión NON AFECTARÁ ás seguintes parcelas e inmobles:

- Ás parcelas suxeitas á aplicación da ordenanza de equipamentos e dotacións
- Ás parcelas especificamente cualificadas para uso terciario, que admitan o uso hoteleiro, ben sexa con carácter exclusivo ou con carácter alternativo ou compatible con outros usos distintos do de vivenda (residencial comunitario, dotacional ou outros terciarios). Este sería o caso, entre outros, do Hospital Vello de Galeras (AS-35)
- Aquelas nas que a autorización do uso vivenda teña carácter residual, sendo maioritarios ou principais outros usos distintos do de vivenda (hoteleiro, residencial comunitario, dotacional, e outros terciarios). Este sería o caso, por exemplo, da ordenanza especial OE-6 (antigo colexio Manuel Peleteiro)
- Ás suxeitas á aplicación das ordenanzas 10 (actividades) e 12 (fincas singulares) do PXOM
- Ás incluídas no ámbito dos polígonos de solo urbano non consolidado e de solo urbanizable que non contén con proxecto de equidistribución definitivamente aprobado
- Ás parcelas e inmobles que estean xa dedicadas a uso hoteleiro ou de aloxamento temporal de conformidade co respectivo título habilitante municipal de natureza urbanística, quedarán excluídas só na parte na que se desenvolve a actividade ou uso xa autorizados, quedando suspendidas as actuacións de ampliación

b) Ámbito material

Dende o punto de vista material, a suspensión afectará aos títulos habilitantes de natureza urbanística (licenza, comunicación previa ou declaración responsable) que supoñan a autorización dos seguintes usos ou actividades:

- Establecementos hoteleiros, nas súas distintas modalidades (hotel, pensión, pousada)
- Apartamentos e vivendas turísticas
- Albergues turísticos (agás que se trate de albergues de peregrinos de titularidade pública)
- Vivendas de uso turístico, ou calquera outra modalidade que supoña a cesión da vivenda a terceiras persoas, mediante contraprestación económica, para estancias de curta duración (inferior a 30 días consecutivos) ou con finalidade turística.
- Calquera outra forma de aloxamento temporal con finalidade turística, nos termos que se definen no artigo 21.2 da Lei 7/2011, de turismo de Galicia

4. Duración temporal

De conformidade co que dispoñen os artigos 47.1 da LSG e 86.1 do RLSG, a suspensión previa ou facultativa terá a duración máxima DUN ANO, sen prexuízo de que, unha vez adoptado o acordo de aprobación inicial do novo plan, este determine ex lege unha nova suspensión automática, cuxos efectos se extinguirán coa aprobación definitiva do novo plan e, en todo caso, no prazo máximo de dous anos a contar dende o acordo de aprobación inicial.

A suspensión previa será efectiva a partires da súa publicación (no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia), sen prexuízo da notificación persoal que, de ser o caso, haxa de practicarse a todos os peticionarios de licenzas afectadas.

5. Procedemento

O acordo de suspensión haberá de adoptarse polo órgano competente para aprobar inicialmente o plan obxecto de reforma.

No caso que nos ocupa, **o órgano competente é o Pleno Municipal**, de conformidade co disposto no artigo 123.1.i) da Lei 7/1985 de bases do réxime local. Así resulta do alcance da reforma proxectada que previsiblemente vai afectar:

- Á regulación de usos que establece o PXOM vixente no artigo 105 e seguintes e nas distintas ordenanzas afectadas
- De ser o caso, á regulación de usos establecida nos plans parciais e especiais incorporados ou aprobados con posterioridade, respecto dos cales se incluírá no PXOM unha disposición xeral de aplicación directa a todo o planeamento de desenvolvemento.

O acordo poderá adoptarse por maioría simple, ao non atoparse en ningún dos supostos tipificados polo apartado 2 do artigo 123 da LBRL, toda vez que o acordo a adoptar polo Pleno Municipal é unha suspensión cautelar previa á elaboración da reforma, non téndose iniciado aínda o procedemento de *tramitación* do plan.

O acordo de suspensión haberá de publicarse no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia, e será efectivo a partires da súa publicación.

6. Proposta de acordo

Con base en todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos adoptar o seguinte **ACORDO**:

Ao abeiro do que dispoñen os artigos 47.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 86.1 do seu Regulamento de desenvolvemento, e co fin de estudar a reforma da normativa do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) que regula os usos de aloxamento temporal e a súa compatibilidade co uso residencial nas distintas ordenanzas e plans de desenvolvemento,

SUSPENDER o procedemento de autorización de novos usos de aloxamento temporal no ámbito territorial delimitado graficamente no plano anexo, coas exclusións que máis adiante se relacionan.

O ámbito territorial xenérico afectado pola suspensión é o que se define no seguinte plano, e correspóndese cos terreos situados entre a delimitación do ámbito do PE-1 (liña amarela) e o denominado perímetro da suspensión (liña azul)



Dentro do ámbito delimitado, **a suspensión non afectará** ás seguintes parcelas e inmobles:

Ás parcelas suxeitas á aplicación da ordenanza de equipamentos e dotacións

Ás parcelas especificamente cualificadas para uso terciario, que admitan o uso hoteleiro, ben sexa con carácter exclusivo ou con carácter alternativo ou compatible con outros usos distintos do de vivenda (residencial comunitario, dotacional ou outros terciarios). Este sería o caso, entre outros, do Hospital Vello de Galeras (AS-35)

Aquelas nas que a autorización do uso vivenda teña carácter residual, sendo maioritarios ou principais outros usos distintos do de vivenda (hoteleiro, residencial comunitario,

dotacional, e outros terciarios). Este sería o caso, por exemplo, da ordenanza especial OE-6 (antigo colexio Manuel Peleteiro)

As suxeitas á aplicación das ordenanzas 10 (actividades) e 12 (fincas singulares) do PXOM.

As incluídas no ámbito dos polígonos de solo urbano non consolidado e de solo urbanizable que non contén con proxecto de equidistribución definitivamente aprobado

As parcelas e inmobles que estean xa dedicadas a uso hoteleiro ou de aloxamento temporal de conformidade co respectivo título habilitante municipal de natureza urbanística, quedarán excluídas só na parte na que se desenvolve a actividade ou uso xa autorizados, quedando suspendidas as actuacións de ampliación

Dentro do ámbito delimitado, a suspensión afectará aos procedementos de outorgamento dos títulos habilitantes de natureza urbanística (licenza, comunicación previa ou declaración responsable) que supoñan a autorización dos seguintes **usos ou actividades**:

Establecementos hoteleiros, nas súas distintas modalidades (hotel, pensión, pousada)

Apartamentos e vivendas turísticas

Albergues turísticos (agás que se trate de albergues de peregrinos de titularidade pública)

Vivendas de uso turístico, ou calquera outra modalidade que supoña a cesión da vivenda a terceiras persoas, mediante contraprestación económica, para estancias de curta duración (inferior a 30 días consecutivos) ou con finalidade turística.

Calquera outra forma de aloxamento temporal con finalidade turística, nos termos que se definen no artigo 21.2 da Lei 7/2011, de turismo de Galicia

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A suspensión será efectiva a partires da súa publicación, e extinguirase en todo caso no prazo de UN ANO, sen prexuízo da suspensión automática que poida derivarse do acordo de aprobación inicial da reforma.

Dado o carácter normativo da suspensión, só resulta impugnabile mediante a interposición de recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Do acordo adoptado darase traslado ao servizo de Licenzas, para o seu coñecemento e efectos que procedan en orden á tramitación dos procedementos en curso e dos que se inicien con posterioridade á publicación do acordo de suspensión.”

Rematado o debate, á vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do pasado día 12, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (9 PSdeG-PSOE, 4 CA e 2 BNG), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda ao abeiro do que dispoñen os artigos 47.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 86.1 do seu Regulamento de desenvolvemento, e co fin de estudar a reforma da normativa do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) que regula os usos de aloxamento temporal e a súa compatibilidade co uso residencial nas distintas ordenanzas e plans de desenvolvemento, suspender o procedemento de autorización de novos usos de aloxamento temporal no ámbito territorial delimitado graficamente no plano anexo, coas exclusións que máis adiante se relacionan.

O ámbito territorial xenérico afectado pola suspensión é o que se define no seguinte plano, e correspóndese cos terreos situados entre a delimitación do ámbito do PE-1 e o denominado perímetro da suspensión



Dentro do ámbito delimitado, a suspensión non afectará ás seguintes parcelas e inmobles:

- Ás parcelas suxeitas á aplicación da ordenanza de equipamentos e dotacións.
- Ás parcelas especificamente cualificadas para uso terciario, que admitan o uso hoteleiro, ben sexa con carácter exclusivo ou con carácter alternativo ou compatible con

outros usos distintos do de vivenda (residencial comunitario, dotacional ou outros terciarios). Este sería o caso, entre outros, do Hospital Vello de Galeras (AS-35).

- Aquelas nas que a autorización do uso vivenda teña carácter residual, sendo maioritarios ou principais outros usos distintos do de vivenda (hoteleiro, residencial comunitario, dotacional, e outros terciarios). Este sería o caso, por exemplo, da ordenanza especial OE-6 (antigo colexio Manuel Peleteiro).
- Ás suxeitas á aplicación das ordenanzas 10 (actividades) e 12 (fincas singulares) do PXOM.
- Ás incluídas no ámbito dos polígonos de solo urbano non consolidado e de solo urbanizable que non contén con proxecto de equidistribución definitivamente aprobado
- Ás parcelas e inmobles que estean xa dedicadas a uso hotelero ou de aloxamento temporal de conformidade co respectivo título habilitante municipal de natureza urbanística, quedarán excluídas só na parte na que se desenvolve a actividade ou uso xa autorizados, quedando suspendidas as actuacións de ampliación.

Dentro do ámbito delimitado, a suspensión afectará aos procedementos de outorgamento dos títulos habilitantes de natureza urbanística (licenza, comunicación previa ou declaración responsable) que supoñan a autorización dos seguintes usos ou actividades:

- Establecementos hoteleros, nas súas distintas modalidades (hotel, pensión, pousada).
- Apartamentos e vivendas turísticas.
- Albergues turísticos (agás que se trate de albergues de peregrinos de titularidade pública).
- Vivendas de uso turístico, ou calquera outra modalidade que supoña a cesión da vivenda a terceiras persoas, mediante contraprestación económica, para estancias de curta duración (inferior a 30 días consecutivos) ou con finalidade turística.
- Calquera outra forma de aloxamento temporal con finalidade turística, nos termos que se definen no artigo 21.2 da Lei 7/2011, de turismo de Galicia .

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A suspensión será efectiva a partires da súa publicación, e extinguirase en todo caso no prazo dun ano, sen prexuízo da suspensión automática que poida derivarse do acordo de aprobación inicial da reforma.

Dado o carácter normativo da suspensión, só resulta impugnabile mediante a interposición de recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Do acordo adoptado darase traslado ao servizo de Licenzas, para o seu coñecemento e efectos que procedan en orde á tramitación dos procedementos en curso e dos que se inicien con posterioridade á publicación do acordo de suspensión.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DA PARCELA I4A02 DO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA.

O informe emitido pola xefa da sección de xestión urbanística con data 4 de decembro do corrente ano, en relación ao asunto de epígrafe ten o seguinte contido:

“1. Obxecto do Estudo de detalle

O proxecto, formulado por iniciativa particular da mercantil LOCALES ACTIVIDADES Y EXCLUSIVAS COMERCIALES S.A. e asinado polo equipo técnico *entyl ingenieros s.l.*, ten por obxecto concretar a ordenación do volume edificable no ámbito da parcela I4a02 do *Proxecto de reparcelación do parque empresarial da Sionlla*, que fora aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data 18 de outubro de 2012.

A parcela afectada, coa referencia catastral 0507717NH4500F0000AG, e cunha superficie de 16.107 m², sitúase na confluencias das rúas de Castela e León, Polonia e Ríoxa, do parque empresarial da Sionlla.

A necesidade de formular o Estudo de detalle derívase do establecido na normativa do *Proxecto sectorial do parque empresarial da Sionlla*, aprobado o 7 de xuño de 2007 polo Consello da Xunta de Galicia, e incorporado ao Plan xeral de ordenación municipal a través da súa disposición final 11ª. A ordenanza 4 (edificación exenta) do citado Proxecto sectorial esixe, nas parcelas con superficie igual ou superior a 10.000 m², a redacción dun estudo de detalle *co obxecto de producir a ordenación de volumes, o axuste de rasantes e a ordenación do sobrante de parcela*, con suxeición aos seguintes parámetros (apartado 4.3.4 da normativa do Proxecto sectorial):

Área de movemento da edificación: será a resultante dos recuamentos mínimos obrigatorios.

A ordenanza 4 sinala un recuamento mínimo obrigatorio, a todos os lindes de parcela, de 10 metros.

Superficie máxima edificable: A que resulte da respectiva ordenanza de aplicación, resultando un índice máximo de 0,9 para a ordenanza 4.

Altura: A altura máxima permitida na ordenanza 4 é de 12 metros (B+3), se ben o Estudo de detalle poderá xustificar alturas maiores *en función das esixencias dos procesos produtivos*.

Ocupación máxima: No ámbito de aplicación da ordenanza 4, sinálase unha ocupación máxima do 50% da parcela.

No expediente consta informe técnico favorable asinado pola arquitecta municipal con data 1.10.2019, no que se resumen os parámetros principais do estudo de detalle como de seguido se transcribe:

Superficie total da parcela: 16.107 m²s.

Superficie total ocupada da parcela: 8.050 m²c.

Esta ocupación, que inclúe o espazo ocupado pola edificación principal, o aparcadoiro cuberto, a edificación complementaria e o depósito exterior, supón o 49,98% sobre o total da parcela, dentro, polo tanto do 50% máximo permitido pola ordenanza.

Superficie máxima edificable prevista no estudo de detalle:

Edificación principal: 5.681,71 m²c

Edificación para uso complementario: 340,02 m²c

Depósito: 63,62 m²c.

Esta edificabilidade suma un total de 6.085,35 m²c.

A esta superficie engádese a correspondente ao aparcadoiro cuberto, de 2.573,06 m²c, se ben esta superficie entendo que computaría ocupación de parcela, pero non edificabilidade, ao ser un elemento aberto, sen pechar.

En calquera caso, aínda que computásemos esta superficie estaríamos en torno aos 8.700 m²c, o que supón un índice de edificabilidade do 0,54 m²c/m²s, por debaixo do 0,9 m²c/m²s permitida pola ordenanza.

Altura máxima prevista no estudo de detalle: 5,75 m. por debaixo dos 12 m. máximos establecidos pola ordenanza.

A ordenación proposta respecta as determinacións da normativa aplicable do Proxecto sectorial, así como os requisitos que para os estudos de detalle se regulan nos artigos 79 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 192 e 193 do seu Regulamento de desenvolvemento.

2. Tramitación

O procedemento de aprobación dos estudos de detalle atópase regulado nos artigos 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG).

De conformidade cos citados preceptos, o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 21 de outubro de 2019 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego* con data 7.11.2019. Simultaneamente practicouse citación persoal aos propietarios catastrais dos terreos afectados.

Durante o trámite de información pública e audiencia aos interesados non consta a formulación de alegacións.

No expediente consta informe favorable da directora xeral do Patrimonio Cultural, asinado o 18.11.2019 (Exp. 2019/1389)

3. Proposta de aprobación definitiva

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

APROBAR DEFINITIVAMENTE o Estudo de detalle da parcela I4a02 do parque empresarial da Sionlla (catastral 0507717NH4500F0000AG), promovido por LOCALES ACTIVIDADES Y EXCLUSIVAS COMERCIALES S.A. e asinado polo equipo técnico *entyl ingenieros s.l.*, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Rematado o debate, á vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do pasado día 12, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, aproba definitivamente o Estudo de Detalle da parcela I4a02 do parque empresarial da Sionlla (catastral 0507717NH4500F0000AG), promovido por LOCALES ACTIVIDADES Y EXCLUSIVAS COMERCIALES S.A. e asinado polo equipo técnico Entyl Ingenieros SL, sen modificacións respecto do inicialmente aprobado.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

Incorpórase á sesión o concelleiro don Ramón Quiroga Limia, e así mesmo, reincorpórase a concelleira dona Noa Susana Díaz Varela.

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA CONTRIBUÍR A RECOÑECER E NORMALIZAR AS FAMILIAS MONOPARENTAIS CON MEDIDAS PARA FAVORECER A IGUALDADE E A PROTECCIÓN DOS MENORES.

A proposición do epígrafe presentada con data 9 de decembro de 2019, núm. 306, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno destinada a contribuír a recoñecer e normalizar a situación das familias monoparentais con medidas que favorezan as condicións de igualdade no ámbito económico e educativo, con especial atención á protección das e dos menores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A discriminación histórica que padecen os fogares en situación de monoparentalidade e as familias monoparentais -aquelas planificadas en orixe e motivadas por unha decisión libre, propia e consciente- obedecen a anos de preeminencia dun estereotipo tradicional de familia froito da división sexual do traballo e concibido como único nos parámetros social e legal, en prexuízo dos diversos modelos existentes.

Para contribuír a despatriarcalizar o marco normativo e social faise necesario avanzar cunha concepción ampla dos tipos de familia, pasar ao plural e abranguer os distintos modelos que existen na nosa sociedade. Para iso, é fundamental que as institucións recoñezan esa diversidade de opcións porque son unha realidade que, pese a ser cada vez maior, continúa invisibilizada e discriminada.

Isto agrávase coa discriminación social da muller, pois en 2016 sete de cada 10 fogares monoparentais estaban liderados por mulleres. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, en 2007 -primeiro ano cos datos desagregados- había en Galiza 89.879

fogares monoparentais. En 2016 xa superaban os 110.000 fogares, o que constitúe o 10,4% das vivendas galegas. Por iso cómpre desenvolver unha política xeral de apoio e de acompañamento desde as administracións.

Desde o ámbito municipal tamén os concellos poden contribuír a facilitar e darlles visibilidade ás familias monoparentais. Neste sentido, pódese incluír esta categoría nas axudas de comedores, madrugadores, material escolar, actividades extraescolares e de conciliación mediante a adecuación dun limiar de renda específico. Outras propostas son establecer descontos para familias monoparentais no bonobús e no abono familiar dos ximnasiaos e piscinas municipais (o actual é para cónxuxes e, se é o caso, fillos/as menores de 22 anos). Tamén requiren ter preferencia na escolla da escola infantil municipal por proximidade á vivenda ou centro de traballo.

Co obxectivo de normalizar e dar a coñecer esta realidade, na organización da celebración do 15 de maio como ‘Día da Familia’ desde o Concello de Santiago pódense incluír no deseño da publicidade referencias aos distintos modelos de familias na súa diversidade, xunto con actividades que os divulguen na programación sociocultural. Outra das propostas deste colectivo é dotar centros escolares e bibliotecas con publicacións relacionadas con diversidade familiar. Pódese incluír un desconto para familias monoparentais no eido da cultura (entradas a museos, teatro, actividades musicais...) e na matrícula e taxas da Escola Municipal de Música. Do mesmo xeito cómpre empregar linguaxe administrativa non discriminatoria con terminoloxía representativa da variedade de familias existentes que non se limite en exclusiva ao modelo tradicional; en especial na documentación pública municipal vinculada ao ámbito do ensino, da infancia e do lecer.

En canto a medidas sociolaborais vinculadas coa conciliación, pódese dar preferencia á hora de escoller as quendas de traballo, tanto no Concello como nas empresas concesionarias, ou a posibilidade de excedencia por coidado de fillo/a e non perder o posto de traballo. Do mesmo xeito que nas convocatorias públicas de emprego pode haber taxas reducidas para familias monoparentais. En canto aos campamentos de verán e actividades de conciliación, tamén se pode dar preferencia na inscrición ás familias monoparentais, xa que só hai un/ha proxenitor/a para cubrir todo o período de vacacións.

Sobre os servizos básicos, a administración local pode establecer, ampliar e pedir a modificación legal oportuna para bonificacións, exencións e axudas en recibos do IBI e IVTM, que contribúan a mitigar a diferenza de ingresos da unidade familiar cando é monoparental, como se fai na actualidade nas taxas de auga, saneamento e recollida de lixo “para mulleres embarazadas que se atopen soas”, segundo a pouco acaída redacción da ordenanzas fiscais, até que o/a menor cumpra 3 anos de idade.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela aplicará, de xeito progresivo, medidas como as formuladas na exposición de motivos para contribuír a recoñecer e normalizar a situación dos fogares en situación de monoparentalidade e de familias monoparentais para favorecer as condicións de igualdade no ámbito económico e educativo, con especial atención á protección das e dos menores.”

Auséntanse da sesión o señor alcalde (presidindo a sesión o señor Guinarte), dona Mercedes Rosón, don Gonzalo Muíños e don Javier Fernández.

No transcurso do debate volven a incorporarse á sesión o señor alcalde e dona Mercedes Rosón, e os concelleiros señor Muíños e señor Fernández, xa non se reincorporan ao resto da sesión.

Durante o debate o grupo municipal Socialista presenta emenda de substitución ao texto de acordo da proposición do BNG, e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda que o concello dentro das súas competencias aplicará de xeito progresivo medidas como as formuladas na exposición de motivos ou similares para contribuír a recoñecer e normalizar a situación dos fogares en situación de monoparentalidade e de familias monoparentais para favorecer as condicións de igualdade no ámbito económico e educativo, con especial de atención á protección das e dos menores.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA REALIZAR E DESENVOLVER, CON APOIO NO TECIDO LOCAL E GALEGO, UNHA PROGRAMACIÓN CULTURAL ESPECÍFICA ATRACTIVA PARA AS PERSOAS QUE NOS VISITAN.

A devandita proposición foi transformada por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes nunha declaración institucional conxunta dos catro grupos políticos municipais e aprobada tamén coa mesma votación:

O pasado 4 de decembro tivo lugar no Centro Sociocultural de Santa Marta unha xornada sobre ‘A Cultura en Santiago’, onde o investigador e estudoso do sistema cultural galego Marcos Lorenzo expuxo o resumo dunha investigación desenvolvida a este respecto. No transcurso da actividade déronse unha serie de datos a respecto da situación cultural no noso concello e comarca para, a continuación, desenvolverse grupos de traballo para identificar os desafíos culturais de cara ao próximo decenio e ofrecer posíbeis solucións.

Os datos confirman a relevancia que o sector cultural representa para Santiago de Compostela. Así, o noso concello ten un importante número de afiliacións culturais á Seguridade Social, unha porcentaxe que representa o 18,7% da Galiza, un relevante número de empresas culturais (concretamente 494), cun resultado de a cultura supor o 5,1% do Produto Interior Bruto, o duplo da media galega. Non hai dúbida de que o sector cultural, unha das áreas de especialización de emprego no noso país, é estratéxico para Santiago de Compostela, que posúe enormes potencialidades dentro dun tecido asociativo rico e dinámico. Neste sentido, a existencia dun cento de asociacións culturais en Santiago dá boa mostra desta vitalidade.

Porén, a outra cara da moeda ofrécennola os datos sobre participación regular en actividades de ocio, en que, por outra parte, para alén de cinema e concertos, tamén se inclúe as actividades deportivas, o que fai que o dato específico para contabilizar a asistencia a actividades culturais sexa aínda menor. Nese caso, na comarca de Santiago un 51% de persoas si participan fronte a un 49% que non o fan, unha porcentaxe que é algo mellor nos datos do noso concello: un 58% si e un 42% non. Lembremos que estamos a falar da capital do noso país, dunha cidade universitaria, cun amplo tecido cultural, mais tamén dun sector afogado na crise económica, que non recuperou aínda as posibilidades e axudas doutros momentos de especial relevancia na oferta. A estes datos negativos hai que lle acrecentar o feito de que o 56,2 das persoas que asisten a estas actividades teñen educación superior fronte ao 1,7% de persoas que asisten con estudos primarios ou inferiores, o que demostra que aínda non se conseguiu que a cultura chegase a todos os públicos na súa diversidade.

Aínda centrándonos naquelas cuestións en que a administración municipal debe mellorar, son especialmente preocupantes os datos que sinalan que, para o ano 2018, só un 27,5 das persoas visitantes aproveitaron a súa estadia entre nós para visitar un centro cultural, só un 6,5% asistiron a algún evento cultural e só un 0,6% viñeron a Santiago de Compostela especificamente para asistir a algún evento cultural. A explicación, cando menos parcial, deste resultado tan negativo, está na falta de información en orixe a respecto da actividade cultural compostelá e na falta dunha programación axeitada para poñer en valor a oferta e calidade creadora tanto da localidade como galega. Faise necesaria, pois, unha programación específica que, para alén de incluír nas programacións habituais e festas da cidade, as compañías de Santiago e de Galiza, profesionais e amadoras, con especial representación dos grupos composteláns que conforman a cultura de base, desenvolva tamén unha oferta a este respecto, coa comunicación e difusión axeitadas, para lles dar a coñecer as nosas creacións ás persoas que nos visitan. Trátase de conseguir que as persoas visiten Compostela tamén por asistiren a un espectáculo teatral, de danza, a un concerto, a un festival audiovisual ou a unha exposición.



Temos o convencemento de que Santiago pode dar un importante salto no desenvolvemento das súas políticas culturais se consegue que a Catedral de Santiago non sexa o único atractivo que a identifique, sen por iso deixar de lle conceder importancia a un edificio que por si propio, evidentemente, xustifica unha e millenta viaxes. Mais esa mesma poboación que visita a Catedral e o seu Museo, ten que coñecer -e, para iso, temos que espertar o seu interese- que en Santiago está o Museo do Pobo Galego, o Centro Galego de arte Contemporánea, a Colexiata de Sar, o Museo das Peregrinacións, a Fundación Granell ou o MUPEGA.

Finalmente, preocúpanos tamén a situación laboral de artistas e creador@s e a necesidade de impulsar a nivel municipal iniciativas de apoio á promoción cultural.

Por todo isto, os grupos municipais adoptan mediante declaración institucional o seguinte acordo:

1. O Concello de Santiago elaborará unha programación cultural específica dirixida ás persoas que nos visitan con compañías, profesionais e amadoras, de Santiago e de Galiza, con especial representación dos grupos composteláns que conforman a cultura de base.
2. O Concello de Santiago difundirá e promocionará, en colaboración co sector turístico (hostalería, axencias de viaxes, oficinas de información...) e con todos os axentes implicados esta oferta cultural co obxecto de ser coñecida tamén inicialmente en orixe.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE O ESTUDO PARA A ADQUISICIÓN DA PARCELA DO ANTIGO COLEXIO PELETEIRO.

A proposición do epígrafe foi presenta con data 10 de decembro do corrente ano, número de rexistro 310, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parcela do antigo Colexio Peleteiro mantense sen uso desde hai xa anos, nas mans dunha entidade financeira que non é quen de desenvolvela, situación que implica unha degradación da imaxe urbanística do Ensanche ao tempo que unha perda de oportunidade para cambiar a preocupante evolución dunha zona central da cidade - afectada por unha dinámica de envellecemento da poboación, peche de comercios, e, en definitiva, polo decaemento socioeconómico- e para darlle ao referido Ensanche o perfil

urbanístico ou arquitectónico que sempre se lle negou. Trátase, pois, dunha parcela que cabe cualificar de estratéxica.

Nese contexto, o actual goberno municipal contratou un “Estudo de mercado sobre a combinación de posibles usos urbanos das parcelas ocupadas polo antigo Colexio Peleteiro desde o punto de vista da súa rendibilidade e dinamización socioeconómica e comercial do ensanche”, un estudo que apunta claramente a unha reconsideración duns usos e aproveitamentos privados por outros usos e aproveitamentos privados en favor, principalmente, dunha entidade financeira.

Sucede que -fronte a unha iniciativa que parece primar a rendibilidade económica da entidade financeira propietaria da parcela- cabe propoñer una iniciativa alternativa orientada a favorecer a rendibilidade social do desenvolvemento urbanístico, e que pasaría por estudar as posibilidades de incorporar a parcela ao patrimonio municipal, a fin, fundamentalmente, de dotar ao ámbito de equipamentos públicos. Tal alternativa permitiría dotar ao Ensanche dunha “locomotora” a favor do seu sector servizos e nomeadamente do pequeno comercio, resultaría de interese xeral, posibilitaría a inclusión no Ensanche dunha referencia urbanística e arquitectónica que compense as súas trazas actuais, e conxuraría o risco de dar pábulo a conceptos como especulación, plusvalías ou pelotazos.

Segundo os datos requiridos, o custo da operación quedaría moi lonxe das cifras millonarias doutro tempo e podería resultar asumible para un concello que só no ano 2018 rematou o exercicio cun remanente de máis de 17 millóns de euros, ou que nos últimos catro anos ofreceu un remanente de 40 millóns de euros; e iso sen desbotar que a operación tamén se podería viabilizar con fórmulas complementarias.

En definitiva, estamos a falar dun investimento estratéxico e que, ao igual que o investimento de longo alcance practicamente acordado para o ámbito rural do concello, suporía unha forma de compensar a débeda en investimentos e en estándares que o Concello mantén dende a súa orixe co Ensanche compostelán.

Por todo o anterior, propónse a adopción polo Pleno Municipal do seguinte

ACORDO

A creación dunha comisión de estudo de carácter especial -integrada consonte a un sistema de voto ponderado por dous membros de cada grupo municipal- para analizar as posibilidades de desenvolvemento urbanístico da parcela do antigo Colexio Peleteiro, dando preferencia á posibilidade da súa incorporación ao patrimonio municipal a fin de dotala de equipamentos públicos.”



Durante o debate auséntase un momento o señor alcalde, entendéndose que queda presidida a sesión pola tenente de alcalde, dona Mercedes Rosón.

Antes de rematar o debate incorpórase a sesión o señor alcalde.

Despois de ser aceptada a emenda “in voce” feita polo señor alcalde, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda a creación dunha comisión de estudo de carácter especial -integrada consonte a un sistema de voto ponderado por dous membros de cada grupo municipal- para analizar as posibilidades de desenvolvemento urbanístico da parcela do antigo Colexio Peleteiro.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, PARA A CONTINUIDADE DA CONSTRUCIÓN DA “COMPOSTELA TERRITORIO DE MULLERES”.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 10 de decembro do corrente ano, número de rexistro 311, ten o seguinte contido:

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo procura continuar co impulso de políticas transversais de igualdade de xénero mantendo o programa municipal ‘Compostela Territorio das Mulleres’.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Para ser plenamente democrática, unha sociedade debe garantir a igualdade de toda a cidadanía. As mulleres, polo feito de selo, sofren una serie de desigualdades estruturais, directamente ligadas á construción social duns roles de xénero, con diferente valor social asignado e xerarquizados. Unhas desigualdades que se perpetúan a través da violencia contra as mulleres e que constitúen un dos problemas públicos máis graves que debe afrontar a nosa sociedade actual. O feminismo é a teoría política e o movemento social desde cal debemos pensar e artellar colectivamente as políticas públicas necesarias para avanzar cara outro tipo de sociedade, na cal a igualdade efectiva sexa posible.

Santiago de Compostela é un espazo de convivencia, de tránsito e visita de persoas, un espazo de experiencias vitais, de traballo, de lecer, de aprendizaxes... É un lugar onde converxen realidades e necesidades diversas, o urbano e o rural, pero tamén territorios onde se xeran desigualdades no acceso aos recursos, no acceso aos servizos, no goce dos dereitos sociais, económicos e culturais e onde a fenda de xénero atravesa todas estas dimensións. Compostela é o que é grazas as persoas que a habitan, que a visitan,

que van e veñen facendo o Camiño, as persoas que ocupan os espazos privados e, sobre todo, a cidade son os homes e mulleres que fan os espazos públicos.

É por iso que no anterior mandato municipal impulsouse unha política transversal de horizonte amplo que interpelou e coordinou a todos os departamentos municipais e na que se implicou, tamén, aos sectores sociais e económicos de Santiago na construción da Compostela que queremos: máis inclusiva e igualitaria, porque un lugar para as mulleres é un lugar mellor para toda a súa veciñanza.

Con ese obxectivo habilitouse un espazo de confluencia para os recursos que están traballando a prol da igualdade de xénero en Santiago, en diferentes ámbitos, co fin de darlle maior visibilidade e accesibilidade e, por outra, implicouse aos axentes sociais e ao sector económico e dese xeito creouse un “mapa” de recursos, lugares e equipamentos que axudasen a construír un municipio igualitario e amigable coas mulleres. Un mapa que ao mesmo tempo servirá para explorar unha dimensión turística orientada a facer de Compostela unha cidade *women friendly*, cuxa identificación axudara na consolidación da capital galega como destino turístico.

Ademais, unha das achegas fundamentais en materia de igualdade foi a elaboración do ‘Observatorio local de igualdade de xénero’, dispoñible na páxina web de ‘Territorio das Mulleres’ onde se pode consultar a situación de homes e mulleres no municipio de Santiago, información imprescindible para elaborar políticas públicas con perspectiva de xénero.

Por outra banda, foron moitas as políticas desenvolvidas nos últimos catro anos, entre as que destacan a apertura da ‘Casa das Mulleres Xohana Torres’ xunto coa programación cultural na mesma, a recuperación dos Premios Xohana Torres, a denominación do estadio de fútbol de San Lázaro como o Estadio municipal Verónica Boquete, o impulso da denominación do Aeroporto de Santiago - Rosalía de Castro, o nomeamento da Ludoteca ‘Maria Miramontes’ nas Fontiñas, o apoio ás mulleres do rural e os colectivos feministas de Compostela e a loita contra as violencias machistas

Finalizando o presente ano 2019, compre reforzar este compromiso e fortalecer o proxecto de facer de Compostela un Territorio das Mulleres. É necesario non caer na parálise e retomar a iniciativa e a programación cultural na Casa das Mulleres; tamén necesitamos que continúen os avances coa ampliación do tecido empresarial comprometido coa igualdade, como xa estaba avanzado no sector da hostalería, por exemplo. Así mesmo, é importantísimo que as ferramentas, en materia de prevención e sensibilización contra as violencias machistas, que están listas para implementarse, sexan postas en funcionamento canto antes.

Por todo isto, e para chegar nunha mellor situación á celebración do 8 de marzo -Día Internacional da Muller- e porque consideramos necesario renovar o compromiso para impulsar políticas transversais de igualdade de xénero, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Consolidar o modelo de co-xestión da Casa das Mulleres Xohana Torres entre a Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela e os colectivos e grupos feministas e de mulleres do municipio. Activando o funcionamento cultural e social da Casa Xohana Torres para poder desfrutar, regularmente, dunha oferta de actividades e programación interesante.
2. Aplicar o mainstreaming de xénero en todas as áreas de goberno. Tendo en conta todos os compoñentes de discriminación e desigualdade que viven as mulleres, buscando que todas as políticas municipais incorporen a perspectiva de xénero. Dando os pasos necesarios para iniciar o deseño duns orzamentos con perspectiva de xénero cunha redistribución de partidas e gastos que promovan a igualdade efectiva.
3. Elaborar un Plan de sensibilización e formación interno de carácter obrigatorio dirixido ao persoal técnico e a todos os/s concelleiros/as que formen parte da corporación municipal.
4. Continuar cos programas e obradoiros de empoderamento das mulleres do rural, como espazos onde reflexionar sobre o seu papel na sociedade, as súas achegas, logros, a superación dos roles e estereotipos de xénero... consolidando a celebración do Encontro anual de Mulleres do Rural.
5. Continuar co traballo en rede, e de gobernanza local, cos sectores económicos sociais e económicos da cidade para xerar novas sensibilizacións en materia de igualdade, mantendo as campañas de prevención e sensibilización social de gran impacto. Partindo dunha perspectiva participativa e comunitaria, e tamén dun enfoque transversal, buscar e implicar a toda a cidadanía e a todos os axentes sociais do municipio na repulsa colectiva das violencias contra as mulleres.
6. Activar definitivamente o sistema de seguimento integral nos casos de violencias machistas “VioGén”, activar a app municipal contra as violencias machistas "alerta lila" e impulsar unha mellora da iluminación no campus e nas rúas e parques deficientemente iluminados dando cumprimento ás demandas do colectivo de estudantes universitarias ‘O Campus do medo’.

7. Traballar no deseño de políticas públicas de gobernanza do turismo, tamén desde a perspectiva de xénero, e, tendo en conta a próxima celebración do Xacobeo 2021, levar adiante actuacións de prevención e sensibilización social creando redes institucionais e sociais.”

A anterior proposición presentan emendas o BNG de acrecentamento no acordo dun punto 8 e o PSdeG-PSOE de substitución no acordo do punto 6, cos seguintes contidos, respectivamente:

“8. Impulsar a feminización do rueiro e a visibilización de referentes femininos, o que debe traducirse nunha aposta polo reequilibrio de xénero ante realidades hoxe claramente discriminatorias para as mulleres.”

“6. Activar definitivamente o sistema de seguimento integral nos casos de violencias machistas “VioGén” e impulsar unha mellora da iluminación no campus e nas rúas e parques deficientemente iluminados.”

Durante o debate auséntase o señor alcalde e preside a sesión dona Mercedes Rosón.

Reincorpórase a sesión o señor alcalde e pasa a presidir a mesma.

Xa que logo e despois de ser aceptadas ambas emendas, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda instar ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

1. Consolidar o modelo de co-xestión da Casa das Mulleres Xohana Torres entre a Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela e os colectivos e grupos feministas e de mulleres do municipio. Activando o funcionamento cultural e social da Casa Xohana Torres para poder desfrutar, regularmente, dunha oferta de actividades e programación interesante.
2. Aplicar o mainstreaming de xénero en todas as áreas de goberno. Tendo en conta todos os compoñentes de discriminación e desigualdade que viven as mulleres, buscando que todas as políticas municipais incorporen a perspectiva de xénero. Dando os pasos necesarios para iniciar o deseño duns orzamentos con perspectiva de xénero cunha redistribución de partidas e gastos que promovan a igualdade efectiva.
3. Elaborar un Plan de sensibilización e formación interno de carácter obrigatorio dirixido ao persoal técnico e a todos os/s concelleiros/as que formen parte da corporación municipal.

4. Continuar cos programas e obradoiros de empoderamento das mulleres do rural, como espazos onde reflexionar sobre o seu papel na sociedade, as súas achegas, logros, a superación dos roles e estereotipos de xénero... consolidando a celebración do Encontro anual de Mulleres do Rural.

5. Continuar co traballo en rede, e de gobernanza local, cos sectores económicos sociais e económicos da cidade para xerar novas sensibilizacións en materia de igualdade, mantendo as campañas de prevención e sensibilización social de gran impacto. Partindo dunha perspectiva participativa e comunitaria, e tamén dun enfoque transversal, buscar e implicar a toda a cidadanía e a todos os axentes sociais do municipio na repulsa colectiva das violencias contra as mulleres.

6. Activar definitivamente o sistema de seguimento integral nos casos de violencias machistas “VioGén” e impulsar unha mellora da iluminación no campus e nas rúas e parques deficientemente iluminados.

7. Traballar no deseño de políticas públicas de gobernanza do turismo, tamén desde a perspectiva de xénero, e, tendo en conta a próxima celebración do Xacobeo 2021, levar adiante actuacións de prevención e sensibilización social creando redes institucionais e sociais.

8. Impulsar a feminización do rueiro e a visibilización de referentes femininos, o que debe traducirse nunha aposta polo reequilibrio de xénero ante realidades hoxe claramente discriminatorias para as mulleres.

O que se lle comunica para os efectos oportunos.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, PARA IMPULSAR UN PROGRAMA DE RESIDENCIAS DE CREACIÓN E PENSAMENTO PARA ACOLLER O TALENTO QUE SE RECIBE POLOS CAMIÑOS DE SANTIAGO.

Con data 10 de decembro do corrente ano, número de rexistro 312, presentouse a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O proxecto do acordo busca a innovación nas políticas de posta en valor dos Camiños, co motivo do Xacobeo 2021, e fomentar a captación do talento para enriquecer procesos de coñecemento e creación en Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A cultura debe fomentarse en todas partes, todo o ano, e non en lugares privilexiados en datas determinadas. Neste sentido, é importante aproveitar o Xacobeo 2021 para convertelo nun evento, nunha festa, coa que recibir á xente que nos virá visitar, integrando en igualdade de condicións os valores galegos e internacionais para situármolos no contexto europeo como unha cidade con identidade propia e capacidade de interlocución. O Camiño é unha desas vías para o diálogo entre pobos e culturas, a través del peregrinas e peregrinos chegan a Santiago despois de atravesar un amplo territorio diverso e multicultural, no que se recoñecen a través dunha experiencia de alta intensidade vital polo que demandan propostas específicas en sintonía coas súas expectativas de acollida na cidade.

A autonomía do fenómeno social, a ampla natureza experiencial do Camiño e a súa accesibilidade desde calquera punto do estado e, se abrimos foco, desde calquera lugar do mundo; é a fórmula que fai que máis de 327.000 peregrinas/os chegaran a Santiago no pasado 2018. Ademais os datos reflicten a feminización do Camiño que xa é unha realidade coas porcentaxes de xénero equilibradas.

Hoxe chegan a Compostela peregrinas e peregrinos de decenas de países de todos os continentes polo que a institución local debe asumir o inmenso potencial de expectativas que xera a planificación e desenvolvemento da experiencia de peregrinación na actualidade e, en por iso, ten que planificar e activar liñas diversas que conecten a experiencia de peregrinación coa acollida na cidade dende o mesmo punto de partida da viaxe, é dicir, desde a súa planificación no lugar de orixe onde as/os peregrinas/os deciden o tempo de pernocta e as posibles actividades que han desfrutar en Santiago de Compostela.

No primeiro Informe Anual da Cultura en Santiago de Compostela atopamos un dato que nos preocupa e sobre o que precisamos incidir: só un 0.8 dos visitantes viñeron a Santiago para asistir a un evento cultural. Quizabes sexa un dos datos máis preocupantes e debemos atendelo co obxectivo de reverter esta tendencia. A través do repensamento da acollida e da participación dos que chegan polos Camiños cunhas expectativas específicas que diverxen dos marcos do turismo habitual e se relacionan coa viaxe a través dun proceso experiencial que fai únicos os camiños de peregrinación.

Para incrementar a asimilación do talento creativo e innovador que chega polos Camiños a Santiago traemos a debate de pleno un proxecto de residencias de creación e pensamento que acolla a peregrinos/as con talento, capacidade e interese por compartir o seu saber, o seu coñecemento e a súa experiencia profesional e vital cos colectivos culturais e sociais de Santiago.

Por exemplo, pensamos que é de interese e tamén unha gran oportunidade desenvolver encontros con peregrinas investigadoras na Casa das Mulleres, con expertos/as en mobilidade e sustentabilidade alimentar nos lugares de reunión dos grupos da cidade que xa están a repensar estes retos, organizar charlas con educadoras/es peregrinas/os poidan compartir a súa experiencia coas ANAPAS nos colexios da cidade e programar que artistas visiten e desenvolvan encontros ou talleres coas asociacións do sector no Teatro Principal ou na Fundación Granell ou no Museo do Pobo Galego. Tamén poderíamos trazar un calendario de encontros con investigadoras e investigadores en colaboración cos centros universitarios da cidade ou posibilitar que traballadoras/es do eido do patrimonio de distintos lugares compartan na súa chegada a Compostela o seu saber con colegas e interesados no sector patrimonial.

Para acadar a viabilidade desta proposición será necesario planificala en colaboración con outras institucións como a Universidade de Santiago, o Consello da Cultura Galega e a Xunta de Galicia e atender ás boas prácticas recollidas polo OMC Working Group no *Policy Handbook on Artist's Residencies* para a anterior Axenda Europea da cultura 2011-2014.

Por todo o anterior e desde a perspectiva da innovación nas políticas de posta en valor dos Camiños, e co motivo da celebración do vindeiro Xacobeo 2021, o Concello de Santiago debería concentrar esforzos na acollida e captación do talento para enriquecer procesos de coñecemento e creación na cidade, e por iso, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:

Desenvolver un programa de residencias de creación e pensamento que acollan e proxecten sobre a cidade o coñecemento, o talento e a innovación que recibimos polos Camiños de Santiago.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda instar ao correspondente órgano do concello a desenvolver un programa de residencias de creación e pensamento que acollan e proxecten sobre a cidade o coñecemento, o talento e a innovación que recibimos polos Camiños de Santiago.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 25/10/19 ao 06/11/19 (7777 ao 8100).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta núm. 69 correspondente á sesión ordinaria do día 11/11/19.
Acta núm. 70 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 13/11/19.
Acta núm. 71 correspondente á sesión ordinaria do día 18/11/19.
Acta núm. 72 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 20/11/19.
Acta núm. 73 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 21/11/19.
Acta núm. 74 correspondente á sesión ordinaria do día 25/11/19.
Acta núm. 75 correspondente á sesión extraordinaria urxente 28/11/19.

Faise un receso cando son as 19:55 horas e reanúdase a sesión ás 20:17 horas.

10. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

Do grupo municipal de CA, de data 9 de decembro de 2019, núm. 304.
Do grupo municipal do PP, de data 11 de decembro de 2019, núm. 313.
Do grupo municipal do PP, de data 11 de decembro de 2019, núm. 314.
Do grupo municipal do PP, de data 11 de decembro de 2019, núm. 315.
Do grupo municipal do BNG, de data 11 de decembro de 2019, núm. 318.
Do grupo municipal de CA, de data 11 de decembro de 2019, núm. 320.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG, de data 10 de decembro de 2019, núm. 308.
Do grupo municipal do BNG, de data 10 de decembro de 2019, núm. 309.
Do grupo municipal do PP, de data 11 de decembro de 2019, núm. 316.
Do grupo municipal do BNG, de data 11 de decembro de 2019, núm. 319.
Do grupo municipal de CA, de data 11 de decembro de 2019, núm. 322.
Do grupo municipal de CA, de data 11 de decembro de 2019, núm. 323.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA, de data 22 de novembro de 2019, núm. 281.
Do grupo municipal de CA, de data 2 de decembro de 2019, núm. 296.
Do grupo municipal do PP, de data 4 de decembro de 2019, núm. 299.
Do grupo municipal do PP, de data 4 de decembro de 2019, núm. 300.
Do grupo municipal do PP, de data 4 de decembro de 2019, núm. 301.
Do grupo municipal do PP, de data 11 de decembro de 2019, núm. 317.

Interpelacións:

Do grupo municipal de CA, de data 9 de decembro de 2019, núm. 305.

11. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2019, núm. 302, presentada polo grupo municipal de CA, sobre a declaración de emerxencia climática e aprobación dun decálogo de medidas para facerlle fronte.

Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2019, núm. 303, presentada polo grupo municipal do BNG, para recoñecer, divulgar e investigar sobre o labor do Grupo Nós na celebración do centenario da súa revista.

Rexistro de entrada do día 11 de decembro de 2019, núm. 321, presentada polo grupo municipal de CA, para rexeitar o desenvolvemento dunha planta de valoración de residuos da construción e demolición en Miramontes.

Os textos das mocións presentadas son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A DECLARACIÓN DA EMERXENCIA CLIMÁTICA NO CONCELLO DE SANTIAGO E A APROBACIÓN DUN DECÁLOGO DE MEDIDAS PARA FACERLLE FRONTE

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 28 de novembro, o Parlamento Europeo comprometeuse a neutralizar todas as emisións de gases de efecto invernadoiro para o 2050, declarando a "emerxencia climática e ambiental" en Europa e no mundo. Nese texto, solicítase á Comisión Europea que asegure que todas as súas propostas lexislativas e orzamentarias teñan en conta o obxectivo de limitar o quencemento global a un máximo de 1,5 °C; que presente a súa estratexia para lograr a neutralidade das emisións canto antes, e como moi tarde para o 2050; e que inclúa no Pacto Verde Europeo o obxectivo de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro do 55% para o 2030.

Esta declaración de “emerxencia climática” implica iniciar un proceso de educación, formación e sensibilización a toda a poboación sobre a enorme mudanza necesaria para frear a crise ecolóxica. Tamén é imprescindible asegurar o compromiso municipal para iniciar este proceso de transformación social. Os Concellos, como administración pública máis próxima á cidadanía, deben ter un papel activo na loita contra o cambio climático. Deben concienciar á poboación pero tamén adoptar medidas dirixidas a reducir o consumo enerxético e a contaminación: aumentar a eficiencia enerxética nos

edificios e reducir a necesidade de climatización, aplicar criterios de sustentabilidade á flota de vehículos municipais coa introdución de enerxías limpas, mellorar a xestión do alumeadado público, ou apostar por un modelo de xestión do lixo que fomente a recollida selectiva e a compostaxe. Todas estas accións deben servir como exemplo de boas prácticas medioambientais.

Paralelamente, os Concellos deben velar pola calidade dos espazos naturais, que afectan emocionalmente á nosa vida, vinculannos coa paisaxe, permiten o ocio e aumentan o benestar social. No caso de Compostela, por mor da súa particular configuración urbanística con numerosas zonas verdes urbanas e zonas naturais na contorna inmediata, a preservación e a recuperación da biodiversidade debe ser un obxectivo ineludible para calquera acción municipal, que, diante das alteracións do clima, deben ir dirixidas a “renaturalizar” os espazos verdes, reducindo o consumo de auga e evitando especies foráneas e alerxénicas.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Declarar a emerxencia climática no Concello de Santiago e instar aos correspondentes órganos de Goberno a iniciar as accións pertinentes para implementar o seguinte decálogo de medidas para facerlle fronte:

- 1. Reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro,** establecendo os compromisos políticos necesarios, e emitindo normativas para garantir a súa baixada como mínimo do 40% ata 2030, para conseguir o saldo neto en 2040.
- 2. Impulsar un ‘Plan de Acción para as Enerxías Sustentables e o Clima’** aplicando as medidas incluídas neste acordo aprobado por unanimidade en 2016, cumprindo así co Pacto de Alcaldes polo Clima do que forma parte Santiago de Compostela.
- 3. Fomentar a eficiencia enerxética dos inmobles municipais e abandonar progresivamente os combustibles fósiles,** a través dos investimentos previstos na Estratexia de Desenvolvemento Urbano (EDUSI) e procurando outras fontes de financiamento que permitan reducir o consumo en calefacción e climatización, renovando as instalacións, nomeadamente as caldeiras de gasóleo que deben ser substituídas por fontes de enerxía máis limpas, como a bomba de calor (aeroterminia ou xeoterminia) ou biomasa, complementadas con enerxía solar cando sexa posible.
- 4. Impulsar o uso da enerxía renovable,** garantindo a orixe 100% renovable nos contratos públicos de subministración, que deberán incluír unha reserva para casos de

poboación en situación de pobreza enerxética; e fomentando o autoconsumo de enerxía renovable a través da simplificación nos trámites administrativos e mediante políticas fiscais de bonificación nos impostos municipais, promovendo a instalación de sistemas de xeración de enerxía renovable tanto na industria como nas edificacións residenciais.

5. Apostar por un alumado público máis eficiente, substituíndo as luminarias e instalacións existentes por novas tecnoloxías máis eficientes e sustentables, continuando coa política de renovación que, tan só no pasado mandato, supuxo a substitución de máis de 8.000 puntos de luz e un importantísimo aforro de consumo e de emisións.

6. Renovar, de xeito progresivo, o parque móbil municipal, apostando pola introdución de vehículos híbridos e eléctricos, e aplicando, ademais, un plan de racionalización do parque móbil, en canto a número, tipoloxía e uso dos vehículos, para evitar adquisicións e consumos innecesarios. As empresas que presten servizos ao Concello, nomeadamente a futura adxudicataria do servizo do transporte urbano, tamén deberán incluír na súa flota este tipo de vehículos.

7. Monitorizar a calidade do aire e impulsar unha ordenanza de verquidos industriais coa finalidade de evitar a contaminación de acuíferos e espazos naturais, e poñendo en marcha un servizo de inspección. Para medir a calidade do aire o Concello despregará unha infraestrutura, mediante o proxecto TRAFAIR financiado con fondos Europeos, para instalar 10 novos sensores nas zonas urbanas con maior intensidade de tráfico.

8. Desenvolver unha nova política de xestión de residuos, apostando polo tratamento in situ dos residuos orgánicos mediante sistemas de compostaxe individuais e comunitarios, afondando nas medidas de fomento e mellora da reciclaxe e promovendo a prevención na súa xeración.

9. Naturalización dos parques e xardíns e eliminación dos eucaliptos e outras invasoras plantando árbores frondosas autóctonas tanto nas fincas de titularidade municipal, como nas recentemente cedidas ao Concello pola Xunta de Galicia, e eliminación das especies pirófitas, e a promover a extensión de frondosas autóctonas. E continuando coa naturalización dos parques e xardíns municipais e introducindo de forma paulatina especies autóctonas, reducindo aínda máis o uso de fitosanitarios e auga e aplicando criterios de sustentabilidade e saúde á hora de introducir especies vexetais decorativas nos ámbitos urbanizados.

10. Cooperar coa cidadanía, a través do Consello Municipal de Medio Ambiente ou establecendo novas canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo cultural, veciñal e ambientalista facéndoos partícipes a través de programas de

sensibilización, participación e empoderamento, como xa teñen sido o “Descarboniza! Que non é pouco...” ou o Tropa Verde.

MOCIÓN PARA RECOÑECER, DIVULGAR E INVESTIGAR SOBRE O LABOR DO GRUPO NÓS NA CELEBRACIÓN DO CENTENARIO DA SÚA REVISTA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción o seu debate en Pleno, para que o Concello de Santiago desenvolva actividades de recoñecemento, divulgación e investigación sobre o labor do Grupo Nós na celebración do centenario da súa revista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2020 terá lugar unha das efemérides máis importantes para a cultura galega despois da conmemoración do centenario das Irmandades da Fala en 2016. Xustamente estamos a nos referir a un momento de enorme brillantez literaria, en que Galiza conseguiu proxectarse no mundo e ser interlocutora, en pé de igualdade, coas diferentes culturas europeas. En 2020 celebraremos o centenario dunha iniciativa singular e decisiva na historia contemporánea do noso país: o nacemento da revista Nós, unha revista de alta cultura que coloca literatura (sobre todo o ensaio), lingua, artes e ciencia galega nun altísimo nivel de calidade e prestixio. O primeiro número desta publicación saíu o 30 de outubro de 1920.

Nós é herdeira directa do espírito das Irmandades da Fala (1916) e do boletín *A Nosa Terra* (1917), que son os seus antecedentes directos. Ao redor da revista, xuntouse un grupo importante de persoas do mundo do pensamento dispostas a contribuír ao coñecemento e recoñecemento da nosa terra e a conseguir a nosa proxección universal desde a nosa propia realidade.

Entre as persoas que promoveron a revista e que caracterizan esta etapa están Vicente Risco, director literario; Afonso Daniel Rodríguez Castelao, director artístico; Ramón Otero Pedraio; e Ánxel Casal, que foi alcalde deste concello paseado e asasinado polo horror franquista. É este último, xunto con María Miramontes, un dos membros dunha parella de especial transcendencia na historia recente de Santiago; mais para calquera das persoas integrantes do Grupo Nós, Compostela foi esa capital de Galiza, esa cidade universitaria, chave imprescindible no camiño para conseguirmos unha Galiza libre e soberana, tamén nos ámbitos cultural, lingüístico e estético.

Xustamente o grupo Nós e a revista gardaron unha especial ligazón cunha das iniciativas que deixan unha fonda pegada na época e que supuxo, sen lugar a dúbidas, o desenvolvemento do xénero ensaístico en galego e a defensa de que a nosa lingua era



válida para calquera materia e/ou ámbito de uso. Referímonos ao Seminario de Estudos Galegos, institución que, vinculada á Universidade, nacerá en 1923.

Por outra parte, a revista Nós serviu tamén como principal propulsora de artistas, creador@s e escritor@s nov@s e, garda unha relevante conexión xeracional coa figura de Ricardo Carvalho Calero, figura homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2020, e que foi testemuña excepcional desta época e estudioso constante da obra dos principais artífices do Grupo.

Coa intencionalidade de que non fiquen na superficialidade ou na simple homenaxe institucional, parece unha obriga das administracións públicas conseguir que se afoque no coñecemento e difusión da obra das persoas pertencentes a esta xeración con espectáculos orixinais ou investigacións especificamente creadas con motivo da celebración do seu centenario.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago elaborará unha programación específica continuada ao longo de 2020 sobre o Grupo Nós e a súa relevancia para a cultura galega en xeral e para Santiago de Compostela en particular.
2. O Concello de Santiago colaborará con outras institucións da cidade, nomeadamente coa Universidade, para coordinar a programación a que se refire o punto primeiro e para poder poñer en marcha proxectos máis ambiciosos co obxectivo de salientar a relevancia do Grupo Nós e de estender ao conxunto da poboación a mensaxe das súas ideas e logros na etapa que protagonizaron.
3. O Concello de Santiago colaborará e apoiará aquelas iniciativas que xurdan da base asociativa e cultural para pór en valor e render a homenaxe que merecen as figuras desta etapa da nosa historia lingüística e literaria.
4. O Concello de Santiago promoverá, coa implicación económica precisa, aquelas iniciativas investigadoras e artísticas (obras dramáticas, exposicións, performances...) que se destaquen por descubrir aspectos pouco coñecidos da etapa Nós. Para iso creará un premio específico para recoñecer a investigación e a obra artística máis destacada cuxos resultados serán mostrados ao público ao longo do mes de outubro de 2020.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA REXEITAR O DESENVOLVEMENTO DUNHA PLANTA DE VALORACIÓN DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN EN MIRAMONTES

O grupo municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 20 de novembro, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda abriu a consulta pública o Proxecto Técnico e de Explotación para unha Planta de valorización de residuos de construción e demolición na concesión de explotación "Miramontes" nº 6770.1, en Grixoa. Nese espazo xa existe un planta de tecnosolos, un vertedoiro de resíduos e unha canteira, sorprendentemente, denominadas Complexo Medioambiental de Miramontes. Unhas instalacións que levan sendo un foco de conflito permanente coa veciñanza da zona polos múltiples impactos ambientais que xera na zona como cheiros, lixiviados, contaminación de regatos, verquidos incontrolados ou tráfico intenso de camións. Diante desta situación, a Fiscalía de Medio Ambiente presentou denuncia contra estas instalacións por delito ambiental o pasado marzo estando actualmente en proceso xudicial.

No anterior mandato municipal o Concello de Santiago mantivo un estreito contacto coa Plataforma de persoas afectadas polo vertedoiro de Miramontes para buscar unha solución ante a situación creada na canteira da Grixoa. Partindo deste traballo conxunto o Concello personouse na denuncia presentada pola Plataforma contra a canteira e ademais decidiu acudir, tamén, á Fiscalía para querelarse contra o vertedoiro apoiando o traballo combativo e rigoroso da Plataforma de Miramontes. Accións xudiciais que parten do convencemento de que está habendo incumprimentos da normativa ambiental que poden ter consecuencias graves, tamén para as persoas, un feito que hai que contextualizalo no colapso que sofren as instalacións de tratamento do lixo de Sogama.

O propio Concello desenvolveu distintos estudos analíticos de auga, de aire e visitas de inspección ao complexo no que constatou impactos significativos para as persoas e o medio ambiente e así o trasladou á Fiscalía. Sabedores de que os procedementos xudiciais poden demorarse no tempo e preciso que se adopten medidas para garantir a saúde das persoas e do medio ambiente, é preciso que a Xunta de Galicia actúe xa e que facilite que o Concello poida revogar a licenza de obras e de actividade da canteira para que non se podan iniciar novas actividades sen que se teñan resolto aínda os procesos xudiciais existentes, tal e como está a denunciar publicamente, nestes días a Plataforma de Miramontes.



Así mesmo, o Concello ten a posibilidade de presentar alegacións contra a autorización da nova planta de valoración de residuos da construción e demolición en Miramontes por non estar garantida a seguridade do proxecto, tal como recolle a documentación do mesmo, pola acumulación de actividades contaminantes na canteira cun grave deterioro da calidade de vida da veciñanza, a ausencia de accesos axeitados as distintas actividades e a situación xurídica da mesma

Por todo isto e para continuar a acompañar as reclamación da Plataforma e a veciñanza, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Concello de Santiago alegará administrativamente -apoiando as alegacións da Plataforma de Miramontes- contra a o novo proxecto de desenvolvemento dunha planta de valoración de residuos da construción e demolición en Miramontes.

Instar á Xunta de Galicia a colaborar administrativamente para paralizar o inicio de calquera nova actividade na canteira de Miramontes, como mínimo, ata que finalicen os procesos xudiciais abertos.

As mocións transcritas foron declaradas por unanimidade dos concelleiros e concelleiras en mocións conxuntas dos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, Partido Popular, Compostela Aberta e Bloque Nacionalista Galego).

As mocións transcritas, foron declaradas mocións conxuntas dos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, Partido Popular, Compostela Aberta e Bloque Nacionalista Galego), adoptándose os seguintes acordos:

En relación a moción sobre emerxencia climática, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda declarar a emerxencia climática no Concello de Santiago e instar aos correspondentes órganos de Goberno a iniciar as accións pertinentes para implementar o seguinte decálogo de medidas para facerlle fronte:

1. Reducir a emisión de gases de efecto invernadero, establecendo os compromisos políticos necesarios, e emitindo normativas para garantir a súa baixada como mínimo do 40% ata 2030, para conseguir o saldo neto en 2040.
2. Impulsar un ‘Plan de Acción para as Enerxías Sustentables e o Clima’ aplicando as medidas incluídas neste acordo aprobado por unanimidade en 2016, cumprindo así co Pacto de Alcaldes polo Clima do que forma parte Santiago de Compostela.
3. Fomentar a eficiencia enerxética dos inmobles municipais e abandonar progresivamente os combustibles fósiles, a través dos investimentos previstos na Estratexia de Desenvolvemento Urbano (EDUSI) e procurando outras fontes de financiamento que permitan reducir o consumo en calefacción e climatización, renovando as instalacións, nomeadamente as caldeiras de gasóleo que deben ser substituídas por fontes de enerxía máis limpas, como a bomba de calor (aerotermia ou xeotermia) ou biomasa, complementadas con enerxía solar cando sexa posible.
4. Impulsar o uso da enerxía renovable, garantindo a orixe 100% renovable nos contratos públicos de subministración, que deberán incluír unha reserva para casos de poboación en situación de pobreza enerxética; e fomentando o autoconsumo de enerxía renovable a través da simplificación nos trámites administrativos e mediante políticas fiscais de bonificación nos impostos municipais, promovendo a instalación de sistemas de xeración de enerxía renovable tanto na industria como nas edificacións residenciais.
5. Apostar por un alumado público máis eficiente, substituíndo as luminarias e instalacións existentes por novas tecnoloxías máis eficientes e sustentables, continuando coa política de renovación que, tan só no pasado mandato, supuxo a substitución de máis de 8.000 puntos de luz e un importantísimo aforro de consumo e de emisións.
6. Renovar, de xeito progresivo, o parque móbil municipal, apostando pola introdución de vehículos híbridos e eléctricos, e aplicando, ademais, un plan de racionalización do parque móbil, en canto a número, tipoloxía e uso dos vehículos, para evitar adquisicións e consumos innecesarios. As empresas que presten servizos ao Concello, nomeadamente a futura adxudicataria do servizo do transporte urbano, tamén deberán incluír na súa flota este tipo de vehículos.
7. Monitorizar a calidade do aire e impulsar unha ordenanza de verquidos industriais coa finalidade de evitar a contaminación de acuíferos e espazos naturais, e poñendo en marcha un servizo de inspección. Para medir a calidade do aire o Concello despregará unha infraestrutura, mediante o proxecto TRAFair financiado con fondos Europeos, para instalar 10 novos sensores nas zonas urbanas con maior intensidade de tráfico.

8. Desenvolver unha nova política de xestión de residuos, apostando polo tratamento in situ dos residuos orgánicos mediante sistemas de compostaxe individuais e comunitarios, afondando nas medidas de fomento e mellora da reciclaxe e promovendo a prevención na súa xeración.

9. Naturalización dos parques e xardíns e eliminación dos eucaliptos e outras invasoras plantando árbores frondosas autóctonas tanto nas fincas de titularidade municipal, como nas recentemente cedidas ao Concello pola Xunta de Galicia, e eliminación das especies pirófitas, e a promover a extensión de frondosas autóctonas. E continuando coa naturalización dos parques e xardíns municipais e introducindo de forma paulatina especies autóctonas, reducindo aínda máis o uso de fitosanitarios e auga e aplicando criterios de sustentabilidade e saúde á hora de introducir especies vexetais decorativas nos ámbitos urbanizados.

10. Cooperar coa cidadanía, a través do Consello Municipal de Medio Ambiente ou establecendo novas canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo cultural, veciñal e ambientalista facéndoos participantes a través de programas de sensibilización, participación e empoderamento, como xa teñen sido o “Descarboniza! Que non é pouco...” ou o Tropa Verde.

No tocante á moción para recoñecer, divulgar e investigar sobre o labor do Grupo Nós na celebración do centenario da súa revista, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1. O Concello de Santiago elaborará unha programación específica ao longo de 2020 sobre o Grupo Nós e a súa relevancia para a cultura galega en xeral e para Santiago de Compostela en particular.

2. O Concello de Santiago colaborará con outras institucións da cidade, nomeadamente coa Universidade, para coordinar a programación a que se refire o punto primeiro e para poder poñer en marcha proxectos máis ambiciosos co obxectivo de salientar a relevancia do Grupo Nós e de estender ao conxunto da poboación a mensaxe das súas ideas e logros na etapa que protagonizaron.

3. O Concello de Santiago colaborará e apoiará aquelas iniciativas que xurdan da base asociativa e cultural para pór en valor e render a homenaxe que merecen as figuras desta etapa da nosa historia lingüística e literaria.

4. O Concello de Santiago promoverá aquelas iniciativas investigadoras e artísticas (obras dramáticas, exposicións, performances...) que se destaquen por descubrir aspectos pouco coñecidos da etapa Nós.



No tocante á moción para rexeitar o desenvolvemento dunha planta de valoración de residuos e de construción e demolición en Miramontes, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

1. O Concello de Santiago alegará administrativamente -apoiando as alegacións da Plataforma de Miramontes- contra a o novo proxecto de desenvolvemento dunha planta de valoración de residuos da construción e demolición en Miramontes.
2. Instar á Xunta de Galicia a colaborar administrativamente para paralizar o inicio de calquera nova actividade na canteira de Miramontes, como mínimo, ata que finalicen os procesos xudiciais abertos.

O señor alcalde pecha a sesión cando son ás 21:15 horas, do que como secretario, dou fe.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Xosé A. Sánchez Bugallo

José Ramón Alonso Fernández